



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Xestión do coñecemento e a innovación tecnolóxica

Materia	Xestión do coñecemento e a innovación tecnolóxica			
Código	V03G020V01925			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Vázquez Vicente, Xosé Henrique			
Profesorado	Silva França Santos, Alexandra Maria Vázquez Vicente, Xosé Henrique			
Correo-e	xhvv@uvigo.es			
Web	<a href="http://webs.uvigo.es/xhvv">http://webs.uvigo.es/xhvv</a>			
Descrición xeral	<p>A materia suliña os retos inducidos pola economía do coñecemento, destaca o porqué da necesidade de innovar nese contexto, e profundiza nas ferramentas que se poden usar para sistematizar a I+D+i.</p> <p>Se ben o obxecto de estudo prioritario será o da empresa, ao longo do curso evidenciarase que a xestión do coñecemento e da innovación posúe un extenso ámbito de aplicación alén do mundo dos negocios. Os fundamentos da materia cumpriran tamén deste xeito un rol importante na dinamización do cambio en calquera tipo de organización; dende unha ONG para o desenvolvemento, un sindicato, ou unha asociación ecoloxista, por exemplo, ata a propia administración pública.</p>			

## Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
C1	Posuír e comprender coñecementos sobre as interrelacións existentes entre os distintos subsistemas que conforman o sistema empresarial
C3	Posuír e comprender coñecementos sobre os aspectos internos, funcións e procesos das organizacións incluíndo a súa natureza, estrutura, goberno, operativa e dirección.
D2	Capacidade de lideranza, incluíndo empatía co resto de persoas

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Entender en que consiste a economía do coñecemento e o papel que nela xoga a xestión da innovación	A3	B1 B2	C1 C3	
Capacidade de análise das principais forzas que moven o ecosistema de innovación	A2	B1 B2	C1 C3	
Capacidade de análise dos procesos internos da empresa que condicionan o seu potencial de innovación	A4	B2	C1 C3	D2

<b>Contidos</b>	
Tema	
TEMA 1: ¿Por que "xestión da innovación"? Da economía industrial á economía do coñecemento	A economía mundial en perspectiva. Evolución nas claves do crecemento e converxencia. O novo sistema tecnolóxico: microelectrónica e biotecnoloxía. A economía do coñecemento: máis que bits. A empresa ante o novo contorno: o Plan de Innovación.
TEMA 2: Cambio tecnolóxico e sistemas nacionais de innovación	Tecnoloxía e innovación: definición e tipoloxías. Configuración dos Sistemas Nacionais de Innovación. O Sistema Ciencia-Tecnoloxía-Industria: o papel das universidades.
TEMA 3: A elaboración dunha diagnose: dos insights do entorno ás novas ideas para o mercado	Vixilancia tecnolóxica. Prospectiva tecnolóxica. Auditoría tecnolóxica.
TEMA 4: A importancia de ter estratexia para xerar unha carteira de proxectos	Coherencia estratéxica. Estratexias de innovación. Estratexias tecnolóxicas. Interrelación. Control da estratexia. Proxectos. Protección da tecnoloxía.
TEMA 5: Como implementar un proxecto? Estructura organizativa, sistemas de control e liderazgo.	Estructuras organizativas para estimular o cambio e a innovación. Mecanismos de coordinación para a innovación. A vertente tecnolóxica dos sistemas de control e incentivos. Sistemas de participación do persoal. A fluidez dos cambios: formación, comunicación e liderazgo.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	19	30	49
Resolución de problemas	10	10	20
Debate	10	10	20
Traballo tutelado	10	20	30
Exame de preguntas obxectivas	2	28	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación do contido e obxectivos da materia. Metodoloxía de traballo e sistemas de control e avaliación.
Lección maxistral	Exposición das bases teóricas e orientación por parte do profesor sobre os contidos do programa. Recoméndase ao estudante que traballe previamente o material entregado polo profesor, co fin de seguir as explicacións e participar activamente nas cuestións e preguntas expostas ao longo da clase.
Resolución de problemas	Cada sesión propón unha simulación guiada polo profesor para poñer en práctica os coñecementos adquiridos nas sesións maxistras.
Debate	Os profesores interpelarán aos estudantes con preguntas asociadas á materia nas que as respostas requirirán relacionar conceptos de distintas temáticas xa abordadas.
Traballo tutelado	Nestas sesións tamén se contará co apoio do profesor, pero os estudantes traballarán en equipo e autónomamente para realizar unha análise propia dun problema de innovación, desenvolver simulacións nas que se apliquen as ferramentas vistas nas clases maxistras, e un plan de innovación propio. Para este traballo é esencial ter absorbido os coñecementos das sesións maxistras e desenvolver as habilidades adecuadas durante a resolución dos problemas/exercicios.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Abordaranse problemas concretos en clase para resolver.
Traballo tutelado	O traballo farase baixo a supervisión periódica do profesor.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Debate	Os profesores interpelarán aos estudantes con preguntas cuas respostas requirirán relacionar distintas temáticas xa abordadas.	10	A2 B2 A3 A4

Traballo tutelado	Os traballos tutelados fan referencia a dous ámbitos da docencia: (1) Simulacións dirixidas polo profesor; e (2) un Plan de Innovación. O Plan de Innovación sigue un modelo proporcionado polo profesor e dispoñible en FAITIC. Serán criterios de avaliación destes Plans os seguintes:  PRESENTACIÓN FORMAL: O índice estará o máis desagregado posible e indicará a páxina na que se atopa cada item. Todas as cifras incluídas en texto, cadros, gráficos e figuras deberán explicitar a fonte. As citas literais deberán ir entre aspas e acompañadas da fonte da que se extraen. Se non son literais, citarase só a fonte. A detección dun plaxio será castigada coa maior das sancións segundo os Estatutos da Universidade de Vigo. As fontes -documentais, orais, informáticas...- deberán recollerse todas nun apartado final.  NIVEL E CALIDADE DA PROFUNDIZACIÓN TEMÁTICA  CAPACIDADE DE ANÁLISE Estructuración e análise crítica da información Orixinalidade e rigorosidade argumental  EXPOSICIÓN FINAL DUN DOS PROXECTOS PROPOSTOS NO PLAN DE INNOVACIÓN PARA BUSCAR FINANCIAMENTO Axuste da exposición a 10 minutos Fluidez da presentación Capacidade de convicción	40	A2 A3 A4	B1 B2	C1 C3	D2
Exame de preguntas obxectivas	O exame constará de 20 preguntas tipo test de resposta única, con 4 respostas posibles. Cada pregunta correcta suma 1 punto e cada erro resta 0.33 puntos. Esta proba tipo test poderá substituírse nalgunha das convocatorias por enunciados sobre os que o/a estudante deberá mostrar o seu acordo ou desacordo, e explicar os argumentos da súa resposta. Existen exemplos de ámbolos dous tipos de exames en faitic.	50	A3	B1 B2	C1 C3	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O estudantado poderá optar a ser avaliado mediante avaliación continua ou cun exame final que suporá o 100% da calificación.

Sobre a avaliación continua:

(1) A ponderación das diferentes probas é a seguinte: o exame valerá o 50%, e o outro 50% dependerá do rendemento do estudante tanto nas aulas teóricas como prácticas. O desempeño nas sesións teóricas dependerá da actitude proactiva participando nos debates que se abran (10%), mentres que nas prácticas dependerá do esforzo e resultados nos traballos tutelados (40%).

(2) A puntuación pola participación e realización de todas as tarefas definidas mantense nas convocatorias do curso académico e non se gardará para cursos sucesivos.

Sobre o exame:

(1) Poderán ser de tipo test ou de preguntas curtas.

(2) Nas transparencias dispoñibles en FAITIC pódese atopar un índice estendido das temáticas que os estudantes deberán complementar pola súa conta durante a docencia presencial e/ou acudindo á bibliografía recomendada.

(3) Na convocatoria [de fin de carreira], o exame suporá o 100% da calificación.

(4) As datas dos exames da materia poderán ser consultadas na páxina web: <http://fccee.uvigo.es>

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Fernández Sánchez, Esteban, **Estrategia de innovación**, Thomson,

Antonio Hidalgo, Gonzalo León, Gonzalo León Julián Pavón, **La Gestión de la innovación y la tecnología en las organizaciones**, Pirámide, 2013

Enric Barba, José Ramón Magarzo, **Cómo gestionar la innovación**, Altran, 2018

---

### **Bibliografía Complementaria**

Tidd, Joe e Bessant, John, **Managing Innovation: Integrating technological, market and organizational change**, Wiley, 2013

Tidd, Joe e Bessant, John, **Managing Innovation: Integrating technological, market and organizational change**, Wiley,

Antonio Davila, Marc J Epstein, and Robert D. Shelton, **Making Innovation Work: How to Manage It, Measure It, and Profit from it**, Pearson Education, 2013

---

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Decisións de investimento/V03G020V01402

Decisións de financiamento/V03G020V01501

---

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Investigación comercial/V03G020V01701

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Historia: Historia económica/V03G020V01103

Dirección de operacións/V03G020V01302

Análise contable/V03G020V01601

---

#### **Outros comentarios**

As sesións maxistras trasladan uns contidos que é preciso relacionar con outros contidos da asignatura e de outras materias como a estadística, a investigación de mercados, o dereito ou a economía da empresa.

As sesións prácticas esixen dos estudantes unha actitude proactiva e creativa dificilmente esaxerable. O pensamento lateral e o output innovador no plan de innovación e nos propios exercicios guiados polo profesor son elementos clave na avaliación das prácticas.

O aproveitamento da materia e a súa explotación futura na vida profesional aconsella un nivel de lectura en inglés equivalente ao esixible nas probas de acceso á universidade.

---